



ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

SOLICITANTE: Miguel Ángel Delgado González

O 27 de outubro de 2020 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, presentada por Miguel Ángel Delgado González, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2020/2058860.

O 29 de outubro de 2020 esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Una vez analizada a solicitude, realízanse as seguintes consideracións:

1. O solicitante utiliza un modelo normalizado de acceso á información pública para expor unha serie de cuestións ao marxe do concepto de información pública legalmente definido no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que fai referencia a “contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións”, alleas, en consecuencia, á finalidade do presente procedemento.
2. De acordo coa letra e) do apartado 1 do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, inadmitíranse a trámite as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.



Visto o anterior, esta Secretaría Xeral Técnica resolve inadmitir a trámite a solicitude por incorrer no suposto contemplado na letra e) do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

A secretaria xeral técnica



Silvia Cortiñas Fernández